



**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A PRESTACIÓN DE
ASESORAMENTO EN MATERIA DE ALMACENAMENTO ENERXÉTICO**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022 do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra, Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en adiante USC, nomeado por Decreto 35/2022, do 17 de marzo, facendo uso das atribucións que lle confire o artigo 85 dos Estatutos desa universidade, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios no nome da USC.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar e adoptar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".





Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que a USC é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos estatutos aprobados mediante o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014) e no marco da lexislación vixente.

Terceiro.- Que as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración para asegurar a captación de fondos públicos procedentes tanto dos orzamentos nacionais como europeos para o desenvolvemento de tecnoloxías de acumulación enerxética e de proxectos de interese neste eido para o tecido produtivo de Galicia.

Para a consecución destes fins propónse a prestación, por parte da USC e do Inega, de asesoramento en materia de almacenamento enerxético, que estará dirixido por un académico de prestixio no sector, informando sobre o camiño a seguir na dotación de tecnoloxías de almacenamento enerxético á economía galega e conducindo á formación dunha estrutura científico-técnica que integre aos diferentes axentes do sector na Comunidade Autónoma de Galicia. A través desta colaboración se garantirá que a Administración pública galega, os axentes científico-tecnolóxicos e as empresas da Comunidade poidan dispor en tempo real de información no eido da acumulación de enerxía para poder afrontar a transición enerxética con garantías de éxito e ser competitiva dentro do ecosistema europeo. Esta estrutura tamén atenderá á necesidade de formación de man de obra especializada en todos os segmentos da cadea de valor.

Neste senso, a optimización dos recursos públicos e a eficacia na xestión son principios básicos que guían a actuación da Xunta de Galicia, segundo se establece na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. A existencia dunha colaboración entre a USC e o Inega para o asesoramento no ámbito das tecnoloxías de almacenamento enerxético, permite unha actuación integral nese eido, a prol dunha maior eficiencia e eficacia para mitigar a intermitencia do subministro das enerxías renovables e para a produción de combustibles sintéticos.

Esta colaboración ten a súa orixe no acordo de prestación de servizos subscrito entre a USC e o Inega durante o período do 01/04/2020 ata o 30/09/2020 para a obtención de información sobre a estrutura en Galicia dos sectores industrial





e de investigación no ámbito das baterías e o almacenamento eléctrico, e para a elaboración dun informe sobre o posicionamento estratéxico da Comunidade Autónoma de Galicia na Plataforma Europea de Materiais Avanzados para Baterías e a organización óptima das capacidades de investigación neste ámbito. Ademais de tres convenios subscritos entre ambas entidades para a prestación de asesoramento en materia de almacenamento enerxético, cuxas actividades foron desenvolvidas ó longo dos anos 2021, 2022, 2023 e 2024.

En virtude do exposto, e recoñecéndose ambas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre o Inega e a USC para o asesoramento e apoio na análise, investigación, participación, estudo, identificación de oportunidades de captación de fondos públicos e proposta de actuacións no ámbito do almacenamento enerxético, co fin de garantir que a Administración pública galega, os axentes científico-tecnolóxicos e as empresas da Comunidade poidan dispor de información relevante e actualizada no eido do almacenamento da enerxía.

Segunda.- Compromisos do Inega

1. Colaborar no desenvolvemento de aquelas iniciativas vinculadas ao obxecto do convenio para asegurar o seu cumprimento.
2. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula primeira.
3. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

Terceira.- Compromisos da USC

1. Nomear ás persoas que se encargarán de titorizar e xestionar o asesoramento xunto co Inega no eido do almacenamento enerxético. No momento da sinatura do presente convenio noméase a tal fin ó Profesor Luís Miguel Varela Cabo, catedrático da área de Física da Materia Condensada do Departamento de Física de Partículas da USC.
2. Realizar un estudo de capacidade e custes do parque de produción e almacenamento en diversos escenarios de consumo para o cumprimento dos obxectivos da Axenda Enerxética de Galicia, considerando explícitamente diferentes niveles de penetración do vehículo eléctrico, produción de





hidróxeno verde e diferentes escenarios de aumento do consumo e estrutura territorial do parque industrial nos sectores estratéxicos para a Comunidade Autónoma, así como diferentes intensidades de eficiencia enerxética

3. Desenvolver unha ferramenta de análise estratéxica do sistema enerxético global na Comunidade Autónoma de Galicia, con capacidade de modelización de diferentes elementos de produción, almacenamento e nodos de consumo distribuídas territorialmente, con e sen interconexión coas de rexións limítrofes.

4. Colaborar na participación en grupos de traballo técnicos identificados como de interese, co obxecto de promover iniciativas en colaboración que permitan o desenvolvemento en Galicia de proxectos de interese e a captación de fondos nacionais e europeos para a súa execución.

5. Colaborar na organización da sexta edición do Seminario Permanente de Transición Enerxética e Competitividade Industrial – SPERTUS, a celebrar na cidade de Puertollano (Ciudad Real).

6. Elaboración do Catálogo de capacidades industriais de Galicia en torno ao almacenamento enerxético, segundo o alcance establecido no anexo I.

7. Desenvolver tratamento avanzado de datos para a avaliación de recursos e reservas de minerais estratéxicos precisos para a transición enerxética no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia sinalado por Inega.

Cuarta.- Contía da achega

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organízase do seguinte xeito:

- A sinatura deste convenio non implica, por parte da USC, compromiso de gasto.
- O Inega achegará á USC a cantidade de 49.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2025.

Quinta.- Xustificación e pagamento

1. O Inega fará efectivo un primeiro pagamento de 24.500 € á sinatura do convenio.
2. O Inega fará efectivo un segundo pagamento de 24.500 € unha vez entregada a memoria xustificativa que recolla a realización das actuacións





previstas na cláusula terceira do presente convenio. Dita memoria deberá ser entregada ó Inega antes do 15 de novembro de 2025.

3. O pagamento farase efectivo contra unha certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi subscrito o presente convenio de conformidade co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

So se aboarán os custos das prestacións obxecto do convenio xustificadas conforme ao establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007.

4. A USC achegará unha certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria de USC onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

Sexta.- Propiedade Intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da USC e do Inega.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, do resultado e dos materias froito do desenvolvemento do proxecto.

Sétima.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

Oitava.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e a súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2025, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de abril de 2025, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.





As prórrogas non poderán ter unha duración superior a vixencia inicial do convenio.

Novena.- Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio as partes acordan a creación dunha Comisión Mixta de Seguimento, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste convenio.

A Comisión Mixta estará integrada polo director do Inega ou a persoa que este/a designe, que a presidirá, pola vicerreitora de Política Científica da USC ou persoa en quen delegue, polo director do departamento de Enerxía do Inega e polo prof. Luis Miguel Varela Cabo. Esta comisión reunirse, polo menos, unha vez ao semestre e cada vez que o solicite unha das partes.

Serán funcións desta Comisión Mixta de Seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas deste convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

Décima.- Protección de datos

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.





Décimo primeira.- Publicidade

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio procedendo o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

En especial, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- b. O mutuo acordo entre as partes.
- c. A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

Décimo terceira.- Natureza e Réxime Xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e o USC, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerese polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno





E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio de colaboración en duplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

Polo Inega

Pola USC

Pablo Fernández Vila

O Reitor,

Por Resolución do 10/03/2017 de delegación de competencias da Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017)

Por Delegación de Competencias Resolución Reitoral 21/04/2022 DOG 26/04/2022.

O Xerente,

Javier Ferreira Fernández





ANEXO I: Memoria Económica

ACTIVIDADES RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DE ASESORAMIENTO EN MATERIA DE ACUMULACIÓN ENERXÉTICA

CONCEPTO	ORZAMENTO
2. Realizar un estudio de capacidade e custes do parque de produción e almacenamento en diversos escenarios de consumo para o cumprimento dos obxectivos da Axenda Enerxética de Galicia, considerando explícitamente diferentes niveles de penetración do vehículo eléctrico, produción de hidróxeno verde e diferentes escenarios de aumento do consumo e estrutura territorial do parque industrial nos sectores estratéxicos para a Comunidade Autónoma, así como diferentes intensidades de eficiencia enerxética	10.000 €
3. Desenvolver unha ferramenta de análise estratéxica do sistema enerxético global na Comunidade Autónoma de Galicia, con capacidade de modelización de diferentes elementos de produción, almacenamento e nodos de consumo distribuídas territorialmente, con e sen interconexión coas rexións limítrofes.	12.000 €
4. Colaborar na participación en grupos de traballo técnicos identificados como de interese, co obxecto de promover iniciativas en colaboración que permitan o desenvolvemento en Galicia de proxectos de interese e a captación de fondos nacionais e europeos para a súa execución.	3.000 €
5. Colaborar na organización da sexta edición do Seminario Permanente de Transición Enerxética e Competitividade Industrial – SPERTUS, a celebrar na cidade de Puertollano (Ciudad Real).	5.000 €
6. Elaboración del catálogo de capacidades industriais de Galicia en torno ao almacenamento enerxético.(*)	4.000 €
7. Desenvolver tratamento avanzado de datos para a avaliación de recursos e reservas de minerais estratéxicos precisos para a transición enerxética no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia sinalado por Inega.	15.000 €
TOTAL	49.000 €

(*) O **ÍNDICE** do catálogo de capacidades industriais de Galicia en torno ao almacenamento enerxético

1. Introducción.





2. Obxectivo: deseñar un catálogo integral que permita mostrar as capacidades produtivas, experiencia e proxectos para accións comerciais e establecemento de iniciativas que contribúan ao crecemento da actividade no sector do almacenamento enerxético en Galicia.

3. Ecosistema do almacenamento enerxético en Galicia.

4. Recursos industriais do almacenamento enerxético en Galicia.

4.1. Empresas. (nas fichas de empresa (2 carillas por ficha incluídas imaxes) debería figurar os seguintes apartados: datos de contacto; actividade; produtos e servizos; produtos e servizos destacables: innovación; proxectos destacables).

4.2. Asociacións e Entidades.

4.3. Axentes económicos e sociais.

4.4. Asociacións sectoriais/agrupacións industriais.

4.5. Catálogo de grupos de investigación.

4.6. Proxectos distintivos e innovadores.

ALCANCE (Catálogo de capacidades industriais de Galicia en torno ao almacenamento enerxético)

O traballo consistirá na elaboración dun catálogo, en formato dixital, de capacidades industriais de Galicia en torno ao almacenamento enerxético, que incluírá:

- **Identificación dos actores clave** (empresas, asociacións/entidades, axentes económicos e sociais, asociacións sectoriais/clústeres, catálogo de grupos de investigación, proxectos distintivos e innovadores).

- **Avaliación de habilidades:** Recoller datos acerca das habilidades presentes dos actores detectados, tales como a súa infraestrutura tecnolóxica, capital humano, experiencia, servizos prestados e campos de especialización.

- **Recoñecemento de requirimentos:** Analizar as demandas tecnolóxicas, educativas, de recursos ou de cooperación de cada participante, co obxectivo de suxerir solucións que poidan ser atendidas dentro da rede de coñecemento.





- **Elaboración do catálogo de capacidades en formato dixital:** Desenvolver un catálogo de capacidades en formato dixital completo que describa as habilidades e requirimentos de cada axente detectado, de maneira organizada e de fácil acceso, segundo o índice de contidos recolleito neste anexo.

Actualización constante: Durante o desenrolo do proxecto, e crucial manter a información o día para mostrar modificacións o novos participantes engadidos á cadea de valor. Requírese dun mecanismo estruturado que permita a revisión e modificación da información de maneira eficiente e continua.

ENTREGA INFORME:

- Informe preliminar onde se inclúa o estudio inicial dos actores claves detectados cas súas habilidades e recoñecementos.

- Informe final onde se inclúa o resultado final do Catálogo de capacidades industriais de Galicia en torno ao almacenamento enerxético.

